

## **ORDENANZA REGULADORA Nº 51**

### **REGULAMENTO DE ACCESO AS PRAZAS DA UNIDADE DE ATENCIÓN DIURNA TERAPÉUTICA DESTINADAS A PERSOAS CON ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS NEURODEXENERATIVAS DO CONCELLO DE VILALBA**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O aumento da esperanza de vida no colectivo de persoas maiores nos últimos anos fai necesaria a creación de Centros nos que se atenda de forma específica as súas necesidades.

A Constitución Española, no seu artigo 50, sinala que os poderes públicos promoverán o benestar dos cidadáns durante a terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenderá os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio.

Neste sentido o Concello de Vilalba, ten competencia en materia de prestación de Servizos Sociais, en virtude do disposto nos **artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local** e conforme ao establecido na **Lei de 13/2008, de 3 decembro de 2008, de Servizos Sociais de Galicia**, na que no art. 60 inclúe dentro das competencias dos concellos a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, entre eles os Centros de día.

Por todo o anterior, o Concello de Vilalba, consciente da presenza no noso municipio dun crecente n.º de persoas maiores con perda da súa autonomía física e psíquica debido a enfermidade de alzhéimer e outras demencias, que residindo nos seus propios domicilios precisen dunha serie de coidados e atencións de carácter persoal, terapéutico ou social e dado que as instalacións propias sitas Fundación Asilo de Vilalba cumpren todos os requisitos atendendo ao **Decreto 143/2007, de 12 de xullo, de autorización e creación de programas e centros de servizos sociais**, ao **Decreto 19/2008, de 7 de febreiro, polo que se crea a rede galega de centros de día de atención social a persoas con demencia e outras demencias neurodexenerativas** e a **Orde do 25 de xuño de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de día e as unidades de atención social para persoas que padecen alzhéimer e outras demencias**, o Concello de Vilalba comprométese a financiación de 5 prazas da Unidade de atención diurna terapéutica a persoas con Alzheimer xestionado pola Fundación Hospital Asilo de Vilalba.

Ditas 5 prazas serán reguladas atendendo ao **Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo**, para así establecer un réxime igualitario de acordo cos Centros propios do Consorcio Galego de Servizos Sociais de Igualdade e Benestar e financiados pola Xunta de Galicia.

#### **TITULO I. DISPOSICIONS XERAIS**

##### **Artigo 1: Obxecto**

O presente Regulamento ten como finalidade regular os criterios de acceso as 5 prazas conveniadas da Unidade de atención diurna terapéutica a persoas con Alzhéimer e outras enfermidades neurodexenerativas propias da Fundación Hospital Asilo de Vilalba.

##### **Artigo 2: Natureza e Definición**

A unidade de atención diurna terapéutica constitúe un servizo social de carácter preventivo e de promoción persoal dirixido a persoas diagnosticadas de alzhéimer ou outro tipo de demencias neurodexenerativas.

A súa finalidade é a de velar pola convivencia, a participación activa e a integración social, así como posibilitar a permanencia das persoas no seu entorno de convivencia habitual.

O Centro de día é un recurso intermedio da rede de servizos sociais dirixidos a atención especializada das persoas maiores e cumpren unha función esencial de apoio as familias, xa que mentres a persoa se atopa no centro a familia pode disfrutar de tempo libre e descansar da súa atención e coidados evitando situacións de sobrecarga.

### **Artigo 3: Tramitación de solicitudes**

1.- As solicitudes de admisión presentaranse segundo o modelo oficial (ANEXO I) , no rexistro xeral do Concello e deberá acompañar a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI das persoas solicitantes.
- b) Fotocopia do DNI do representante legal ou gardador de feito, se é o caso.
- c) Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- d) Informe médico.
- e) Xustificantes de ingresos da persoa solicitante, e no caso de estar casado/a, do seu/súa cónxuxe:
  - Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, autorización para obter o certificado de imputacións do IRPF expedido pola Axencia Tributaria.
  - No caso de percibir pensión do extranxeiro, certificado bancario da contía mensual do ano en curso.
- f) Fotocopia da Resolución da Valoración do Grao de Dependencia, si a tivese.
- g) Fotocopia da Resolución do Plan Individual de Atención de estar Incluído no PAR para Centro de día de Vilalba, si a tivese.
- h) Calquera outro documento que se considere necesario para a valoración da solicitude.

### **Artigo 4: Organización, procedemento e tramitación das solicitudes.**

1.- As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que determinará a concorrencia dos requisitos para ser usuario do centro de día e aplicará o baremo correspondente para a súa valoración, tendo en conta que tódalas solicitudes obterán unha puntuación en aplicación do baremo establecido ó efecto (ANEXO II).

2.- O Departamento de Servizos Sociais, valorará a solicitude segundo o baremo de valoración de casos e no caso de existir vacante, elaborará un informe-proposta que será elevado á Xunta de Goberno Local, quen resolverá favorable e dita solicitude terá consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade incluírase nunha lista de agarda por orde de preferencia en función da puntuación acadada. No caso de igualdade na puntuación terase en conta a data de presentación das mesmas.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

Unicamente para cubrir inicialmente as 5 prazas dispoñibles abrirase un prazo de solicitudes de admisión que serán fixados mediante decreto da alcaldía.

### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

O presente regulamento, aprobado polo Pleno na súa sesión celebrada o día 3/10/2017, entrará

en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, unha vez transcorrido o prazo de 15 días, establecido no **art. 65.2 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local**, permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**SOLICITANTE:**

Nome e Apelidos		DNI/NIF	Número Seguridade Social	
Enderezo		Poboación	Provincia	Código postal
Lugar de Nacemento	Data de Nacemento		Estado Civil	Teléfono
		Transporte	Outros Recursos ou Servicios	

**REPRESENTANTE LEGAL OU GARDADOR DE FEITO** (cubrir só no caso de nos ser o mesmo que o solicitante):

Nome e Apelidos		DNI/NIF		
Enderezo	Poboación	Provincia	Código postal	
Enderezo para os efectos de notificacións		Teléfono		

**SITUACIÓN PERSOAL:**

Valoración de Dependencia: Grao <input type="text"/> Ano <input type="text"/> <input style="width: 500px; height: 20px;" type="text"/>
---

Vilalba, de \_\_\_\_\_ do 2017  
(sinatura)

**SOLICITANTE:**

Nome e Apelidos		DNI/NIF	
Enderezo	Poboación	Código postal/Provincia	
Enderezo para os efectos de notificacións:		Teléfono:	

**REPRESENTANTE** (cubrir só no caso de nos ser o mesmo que o solicitante):

Nome e Apelidos		DNI/NIF	
Enderezo	Poboación	Código postal/Provincia	
Enderezo para os efectos de notificacións:		Teléfono:	

Autorizo ao Concello de Vilalba a consultar os datos da declaración de IRPF do último exercicio liquidado que constan en poder da Axencia Estatal de Administración Tributaria, de conformidade co artigo 62.b) da Lei 11/2017 do 22 de xuño de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

### GRAO DEPENDENCIA

Recoñecemento da situación de dependencia	
Grao III	10 Puntos
Grao II	7 Puntos
Grao I	5 Puntos

### ESCALA BARTHEL

Comida	
0	Independente. Capaz de comer por si só nun tempo razoable. A comida pode ser cocida e servida por outra persoa.
2,5	Necesita axuda para cortar a carne, estender manteiga...,pero é capaz de comer só.
5	Dependente. Necesita ser alimentado por outra persoa.
Lavado (baño)	
0	Independente. Capaz de lavarse enteiro,de entrar e saír do baño sen axuda e de facelo sen que unha persoa o supervise.
2,5	Dependente. Necesita algún tipo de axuda ou supervisión.
Vestido	
0	Independente. Capaz de poñer e quitar a roupa sen axuda.
2,5	Necesita axuda. Realiza, sen axuda, máis da metade das súas tarefas nun tempo razoable.
5	Dependente. Necesita axuda para estas.
Arranxo	
0	Independente. Realiza todas as actividades persoais sen ningunha axuda. Os complementos necesarios poden ser provistos por algunha persoa.
2,5	Dependente. Necesita algunha axuda.
Deposición	
0	Continente. Non presenta episodios de incontinencia
2,5	Accidente ocasional. Menos dunha vez por semana necesita axuda para colocar lavativas ou supositorios.
5	Incontinente. Máis dun episodio semanal.
Micción	
0	Continente. Non presenta episodios. Capaz de utilizar calquera dispositivo por si só (botella, sonda, penico,...).
2,5	Accidente ocasional. Presenta un máximo de un episodio en 24 horas ou require axuda para a manipulación de sondas ou doutros dispositivos.
5	Incontinente. Máis de un episodio en 24 horas.
Ir ao retrete	
0	Independente. Entra e sae só e non necesita ningunha axuda por parte doutra persoa.
2,5	Necesita axuda. Capaz de manexarse cunha pequena axuda. É capaz de usar o cuarto de baño. Pode limparse só.

5	Dependente. Incapaz de acceder a el ou de utilizalo sen axuda maior.	
<b>Transferencia (traslado cama/cadeira de brazos)</b>		
0	Independente. Non require axuda para sentarse ou erguerse dunha cadeira nin para entrar ou saír da cama.	
2,5	Mínima axuda. Inclúe unha supervisión ou unha pequena axuda física.	
5	Grande axuda. Precisa axuda dunha persoa forte ou adestrada.	
<b>Deambulación</b>		
0	Independente. Pode andar 50 metros ou o seu equivalente na casa sen axuda ou supervisión. Pode utilizar calquera axuda mecánica, agás un andador. Se utiliza unha prótese, pode poñela e quitála só.	
2,5	Necesita axuda. Necesita supervisión ou unha pequena axuda física por parte doutra persoa ou utiliza andador.	
5	Independente en cadeira de rodas. Non require axuda nin supervisión.	
<b>Subir e baixar escaleiras</b>		
0	Independente. Capaz de subir e baixar un piso sen axuda nin supervisión doutra persoa.	
2,5	Necesita axuda. Necesita axuda ou supervisión.	
5	Dependente. É incapaz de salvar chanzos.	

<b>Recoñecemento da situación de dependencia</b>	
Lixeira (menos de 22,5 puntos)	10 Puntos
Moderada (de 22,5 a 29,5 puntos)	5 Puntos
Grave (de 30 a 40 puntos)	0 Puntos
Severa (de 40 a 50 puntos)	0 Puntos

## **APOIO SOCIAL**

<b>A persoa vive soa</b>		
20	A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio	
18	A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes.	
5	Dependente. É incapaz de salvar chanzos.	
<b>A persoa convive con alguén</b>		
3	A persoa convive cunha persoa sen capacidade para atendelo	Cunha persoa maior de 70 anos.
3		Cunha persoa con discapacidade ou dependencia.
3		Cunha persoa que carece de tempo.
3		Con incapacidade para organizarse.
8	Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades.	
5	Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo Concello ou a menos de 20 km.	
0	Está ben atendido.	

## **OUTROS ASPECTOS SOCIAIS**

<b>Integración no contorno</b>
--------------------------------

10	Situación de illamento ou de rexeitamento.	
6	Ausencia de relacións sociais.	
4	Existen escasas relacións coas persoas do contorno.	
0	Integración axeitada no contorno.	